



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Persoal e Organización

*Adxudicación do posto de traballo de xefa/e servizo recursos humanos, organización e réxime interior*

##### ANUNCIO

Por resolución núm. 1872 do sr. Alcalde do día 1 de outubro de 2025 resolveuse o seguinte que en extracto di:

*“Primeiro- Adxudicar a dona Karina Paula Díaz Arluna, DNI \*\*\*9542\*\*, o posto de traballo de Xefa/e servizo recursos humanos, organización e réxime interior (Código RO.1.1.01 da RPT).*

*O gasto farase con cargo ás partidas: 920.12001, 920.12006, 920.12100, 920.12101 e 920.16000.*

*Segundo.- O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, e comenizará a partir do día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución de adxudicación no Boletín oficial da provincia.*

*Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2 h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.*

*Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.”*

O que se publica para dar cumprimento á base 5 da convocatoria.

Culleredo, 1 de outubro de 2025

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2025/6417